

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 4 DE MAIO DE 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen
Barriocanal López, Yolanda
Castro Pérez, Ladislao
Comendador Rey, Beatriz
Espino Alvarado, Héctor
Fernández Castillo, Diego
Fdez Contreras, M^a Carmen
Lozano González, Carlos
Pérez Losada, Fermín
Prada Rodríguez, Julio
Real López, Arturo
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Juana López, Jesús de
López Díaz, María
Presedo Garazo, Antonio

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o xoves 4 de maio de 2017, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 2 de maio de 2017

- Lectura e aprobación da acta anterior (31 de marzo de 2017)
- Informe da Decana
- Nomeamento, se procede, da Comisión redactora da modificación do Mestrado de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Aprobación, se procede, do Regulamento da materia de Prácticas
- Ratificación, se procede, da coordinadora de Calidade do centro
- Solicitud de apoio para a declaración como Patrimonio da Humanidade do conxunto de gravados rupestres prehistóricos ao aire libre galego
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (31 de marzo de 2017)

O profesor Antonio Presedo quere que conste, con respecto ao punto 3 da acta anterior, que onde di: “O profesor Antonio está de acordo e dará unha resposta ao alumnado” sexa corrixido, porque se axusta máis á súa intervención, por “O profesor Antonio Presedo está de acordo en facer a valoración que proceda e informará oportunamente da resolución adoptada ao alumnado”.

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Alberto Valín (de baixa), María López (sabático), Antonio Presedo (titorías docentes) e Jesús de Juana (docencia).
- O prazo para solicitar bolsas erasmus xa rematou. Para o vindeiro curso 2 alumnos de 2º curso van ir á Universidade de Kielce, Polonia. Dende a ORI preguntaron se precisabamos unha segunda convocatoria e están 5 persoas interesadas. Estamos a espera de confirmar a oferta desta 2ª convocatoria.
- Chegou o resultado do informe provisional da renovación da acreditación do Mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, coordinado pola USC. A cualificación máis preocupante é que no criterio de recursos materiais e servizos teñen un C e neste criterio precísase ter un B. Ata o 16 de maio hai prazo para facer alegacións. A profesora Beatriz Comendador, coordinadora pola UVigo, di que están traballando na redacción das alegacións, que terán que ser validadas na Comisión de Calidade e aprobadas en Xunta de Facultade.
- A Xunta entregou en man á Vicerreitora de Profesorado o informe positivo do Plan de viabilidade do grao en Xeografía e Historia, pero aínda non é oficial e descoñecemos aspectos, como ata cando é válido, probablemente ata decembro do 2018. Respecto á singularidade do título, aínda non temos ningunha resposta da Xunta.
- O PCEO co Grao de Turismo e o Grao en Xeografía e Historia xa está aprobado. Por parte da UVigo xa se vai publicitar. Cada un dos centros ofertará 5 prazas. Na preplanificación dos horarios se pretendeu que cada cuadrimestre fose nun centro, de ter que compartir docencia en ámbolos dous se intentará que haxa 1 hora que permita o axeitado desprazamento entre os campus. No vindeiro curso, en 1º de grao as clases serán pola tarde. A profesora Beatriz Comendador indica que xa enviará un correo ao profesorado para que manifesten as súas preferencias e as singularidades de cada materia.

- A UVigo asinou un Convenio Marco e un Convenio Específico co Concello de Oímbra, o obxecto do mesmo é a busca do pasado do Concello, a través da arqueoloxía e a documentación histórica. Formalizárase un contrato de investigación. Supón un fito importante porque é a primeira vez que un concello solicita un estudo destas características. Ata o de agora os convenios e/ou contratos que se estableceron con Allariz, Tomiño, Monterrei, Castrelo de Miño e Amoeiro relacionábanse con escavacións arqueolóxicas.
- Xa chegaron as datas da visita da Comisión Avaliadora da certificación da Calidade do centro, será o 23 e 24 de maio. Neste proceso non haberá ningunha reunión específica co PDI e co alumnado. As reunións previstas son co equipo decanal e coa Comisión de Calidade.
- As cifras de participación nas enquisas de satisfacción están por debaixo do ano pasado. Aínda hai prazo ata o 31 de maio para realizada, polo que se alguén sabe dalgún alumno/a ou PDI que non a fixera, que llo lembre.

3. Nomeamento, se procede, da Comisión redactora da modificación do Mestrado de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A decana cédelle a palabra ao profesor Fermín Pérez, como coordinador do mestrado, que explica que seguindo a normativa da UVigo hai que nomear a unha comisión redactora para o proceso de modificación do título. Propón por parte da Facultade de Historia a Adolfo Fernández e a si mesmo e por parte da E.S.E.Minas a Belén Riveiro e Mercedes Solla. A modificación do mestrado ten que estar aprobada o día 12 de maio, pero se non estivera a tempo pode solicitarse unha pequena moratoria. Antes da aprobación pola Xunta de Centro debe ser validada pola Comisión de Calidade.

Os membros da Xunta de Facultade aproban o nomeamento da Comisión redactora.

4. Aprobación, se procede, do Regulamento da materia de Prácticas

A decana cédelle a palabra á profesora Beatriz Vaquero, como coordinadora de Prácticas, que explica que no novo plan de estudos de grao, a materia de Prácticas Externas sufriu unha importante remodelación, pasando de 6 ECTS optativos a 12 ECTS obrigatorios. Por un erro, detectado no proceso de acreditación do grao, non se modificou o número de horas adscritas a esta materia e se mantiveron as do plano anterior.

O presente regulamento axústase a nova normativa da UVigo e subsana o mencionado erro ao establecer, para a modalidade presencial 300 horas -240 presenciais- e 200 horas na modalidade semipresencial -160 presenciais-. A coordinadora explica que o resto das horas ata 300 empréganse na preparación previa e na elaboración da memoria, da que se xuntan unhas pautas para facela.

Tamén se inclúe os formularios para o recoñecemento de créditos e a validación das prácticas.

Xunto ao regulamento e as pautas de elaboración da memoria, preséntanse 3 anexos: Anexo I: Solicitud centro de prácticas. Anexo II: Solicitud de avaliación de prácticas. Anexo III: Solicitud de recoñecemento de créditos de prácticas.

Apróbase o Regulamento da materia de Prácticas.

5. Ratificación, se procede, da coordinadora de Calidade do centro

Despois da revisión das actas da Comisión de Calidade e da Xunta de Centro, con motivo do proceso de certificación, non se detectou o nomeamento da coordinadora de Calidade. A data máis antiga na que se fai referencia a ela como tal é do 3 de outubro de 2012, na que se recolle que a decana, daquelas Beatriz Comendador, delega na vicedecana, daquelas Susana Reboreda, como coordinadora de calidade, a presidencia da Comisión. Como parece que non houbo un nomeamento como tal, se ratifica, con carácter retroactivo, o nomeamento da profesora Susana Reboreda como coordinadora de calidade da Facultade de Historia dende dita data.

Ratifícase á coordinadora de Calidade.

6. Solicitud de apoio para a declaración como Patrimonio da Humanidade do conxunto de gravados rupestres prehistóricos ao aire libre galego

A decana cédelle a palabra á profesora Beatriz Comendador, pertencente á Área de Prehistoria. Beatriz explica que unha plataforma integrada polo historiador Buenaventura Aparicio, o arqueólogo Antonio de la Peña e o antropólogo Rafael Quintía enviaron ao decanato unha solicitud de apoio para que as administracións inicien os trámites para a declaración de Patrimonio da Humanidade da arte rupestre galega. Esta solicitud a tiñan subida á plataforma change.org. O escrito remitido en todos os seus termos, non lle pareceu adecuado a Área de Prehistoria para a súa aprobación, polo que se redactou un escrito no que se recolle a vontade da solicitud a nivel xenérico. Tamén informa que outras institucións, como o Consello da Cultura Galega, deu o seu apoio neste mesmo sentido xenérico. No escrito presentado pola área se suxiren os criterios que a UNESCO solicita para ser Patrimonio da Humanidade e se estende a petición non só a Galicia senón que poida ser transfronteirizo.

Os membros da Xunta de Facultade aproban o escrito de apoio.

7. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.40 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboveda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez